

Concello de Outes

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
80/2020	A Xunta de Goberno Local

**MÍRIAM NAVEIRA DONO, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 24 de febreiro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 80/2020. Subvencións por Concorrenza Competitiva

A Xunta de Goberno Local, previa lectura, trala correspondente deliberación e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as "Bases do XXIV certame de poesía "Francisco Añón", que teñen o seguinte tenor literal:
CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

BASES DO XXIV CERTAME DE POESÍA "FRANCISCO AÑÓN"

PRIMEIRA: Poderán participar todas as persoas interesadas, de calquera nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega. Os textos deberán ser inéditos e non premiados noutros concursos.

SEGUNDA: Os traballos entregaranse en sobre pechado, ben en papel -orixinal e cinco copias-, CD-Rom ou ben nunha memoria USB (pen drive) en formato PDF ou DOC, DOCX, ODT, co epígrafe "XXIV Certame Francisco Añón de Poesía". Dentro deste sobre achegarase á súa vez un sobre pequeno —plica—, tamén pechado, no que figure o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no seu interior recolleranse os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo, así como unha declaración xurada sobre a súa autoría e orixinalidade) e a fotocopia

Concello de Outes



Concello de Outes

do DNI ou CIF. Tamén poderá achegarse unha certificación expedida pola secretaría do Colexio e/ou IES acreditando a data de nacemento do alumnado, neste caso non sería preciso achegar copia do DNI. Estes traballos recolleranse na Casa da Cultura, Avda. de San Campio, 1 – 15230, Outes (A Coruña). Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

TERCEIRA: O prazo de presentación rematará o xoves 2 de abril de 2020. Comenzando a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTA: Aqueles orixinais non premiados serán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. As devolucións efectuaranse aos propios autores/as ou persoa en quen deleguen aqueles (debidamente acreditada e coa correspondente autorización asinada), nas dependencias da Casa da Cultura de Outes. O Concello de Outes non se fará cargo dos custos de devolución. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

QUINTA: Establécense as seguintes categorías e premios por idades:

Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios:

1º Clasificado: Vale de 120 € en libros e publicación da obra galardoada.

Accésit: Publicación da obra.

Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios:

1º Clasificado: Vale de 150 € en libros e publicación da obra galardoada.

Accésit: Publicación da obra.

Categoría C: Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios:

1º Clasificado: Vale de 180 € en libros e publicación da obra galardoada.



Concello de Outes

Accésit: Publicación da obra.

Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos. Premios:

1º Clasificado: Vale de 210 € en libros e publicación da obra galardoada.

Accésit: Publicación da obra.

Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos. Premios:

1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 450 € e publicación da obra galardoada.

Accésit: Publicación da obra.

Categoría F: Maiores de 18 anos. Premios:

1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 1300 € e publicación da obra galardoada.

Accésit: Publicación da obra.

*O importe dos premios estará suxeito á lexislación fiscal vixente.

SEXTA: Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

SÉTIMA: Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

OITAVA: Farase unha edición compilatoria na que se recollerán os textos galardoados en cadansúa categoría.

NOVENA: Establécese un período determinado de seis meses dende o 17 de maio ao 17 de novembro, para a comunicación das listaxes das trocas de libros correspondentes a cadansúa categoría.



Concello de Outes

DÉCIMA: Realizarase unha edición exclusiva co poemario galardoado co primeiro premio da categoría de maiores de 18 anos.

UNDÉCIMA: O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Concello de Outes. O día 17 de maio de 2020, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, farase pública a decisión do xurado nun acto no que, ademais da entrega dos premios, se celebrará a presentación dos libros correspondentes ao XXIII Certame Francisco Añón de Poesía, 2019 (compilatorio), así como da separata do libro gañador da categoría (F), "Agora que nos roubaron" de Mariña López Varela.

DUODÉCIMA: A decisión do xurado será inapelable. A participación neste certame implica a aceptación das anteriores bases.

SEGUNDO.- Publicar as Bases na páxina web da Corporación ós efectos da súa difusión, así como no BOP.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Cod. Validación: 4DSQKH5QJ7N7FK627LMZ7GH95 | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4